

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A DEFINIÇÃO E O DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN QUE DE SOPORTE Á XESTIÓN DOS DESCRITORES DO BO ESTADO DO MEDIO MARIÑO (DMEM) E Á INFORMACIÓN DE INDICADORES DE SAÚDE DAS POBOACIÓNS EXPLOTADAS

En Santiago de Compostela, 8 de abril de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Villares Bermúdez, conselleiro do Mar, actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa presidencia.

Doutra parte, Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante AMTEGA), co NIF Q1500382E, actuando en nome e representación da dita axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración e, na súa virtude

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, de 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, da Pesca e da acuicultura, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 as prioridades da Unión Europea para contribuír á aplicación da política pesqueira común e da política marítima da Unión, sendo a prioridade 1: "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos".

O Regulamento (UE) 2021/1139, no marco da prioridade 1, recolle no seu artigo 14 o obxectivo específico 1.6, consistente na contribución á protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas acuáticos e, no artigo 25, establece que o FEMPA poderá apoiar accións que contribúan a consecución do dito obxectivo.

No marco desta prioridade do FEMPA, mediante a Orde do 27 de xuño de 2022 (DOG núm. 131, do 11 de xullo) créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos na Comunidade Autónoma de Galicia (REDEMAR), adscrita á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e cuxo obxectivo é promover o intercambio e a transferencia de coñecemento entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia, e a través da cal se promoven, entre outras accións, estudos, obxectos piloto, recompilación de datos e accións de seguimento que contribúan a alcanzar unha xestión sostible dos recursos de pesca, baixo un enfoque ecosistémico.

Así, REDEMAR pretende contribuír a que a Administración conte coa mellor información dispoñible sobre a situación dos distintos recursos para unha excelente xestión e ordenación pesqueira, na que estean en equilibrio os criterios ambientais, económicos e sociais, para garantir o futuro do mar promovendo unha xestión responsable.

O Centro de Investigacións Mariñas dependente da Consellería do Mar, está constituído polo Centro de Investigacións Mariñas de Corón, en Vilanova de Arousa (Pontevedra), e o Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo (Lugo).

A función básica destes dous centros é o desenvolvemento de investigacións encamiñadas a conseguir unha xestión racional e eficiente dos recursos mariños renovables no ámbito xeográfico de competencia da Administración autonómica de Galicia.

Ademais, o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) actúa como organismo asesor da Administración pesqueira galega nas cuestións da súa competencia que demandan os diferentes sectores produtivos a través das direccións xerais e oficinas territoriais da Consellería do Mar.

A función do CIMA como organismo asesor da Administración pesqueira galega e a posibilidade do proxecto REDEMAR de contribuír á mellora da información dispoñible dos distintos recursos toma forma no marco do estudo a definir neste acordo, especialmente orientado á definición dun sistema de información que de soporte á xestión dos descritores do bo estado do medio mariño (DMEM) e á información de indicadores de saúde das poboacións explotadas.

A través da Decisión de Execución da Comisión de 29/11/2022 aprobouse o programa "Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura: Programa para España" onde España, co FEMPA como principal instrumento de apoio establece, entre os seus retos para o período 21-27, o de impulsar a investigación dos recursos mariños e sistemas de gobernanza.

Deste xeito o Programa apoia, entre outros, as actuacións que, en sinerxía con outro tipo de actividade, contribúan, entre outros, á mellora do coñecemento científico no ámbito

mariño; á identificación das principais presións que dificultan a consecución do bo estado ambiental; como base para a toma de decisións, así como para realizar actividades de vixilancia e protección doutras zonas de protección non incluídas no resto de tipos de actividade mediante, por exemplo, a adopción de novas tecnoloxías (Big Data, intelixencia artificial ou aprendizaxe automática); a adquisición de equipos e sistemas informáticos; e mellora no intercambio de datos, cun enfoque ecosistémico, a implantación e desenvolvemento de técnicas e tecnoloxías innovadoras na recollida e análise de datos, entre os que se atopan as tecnoloxías de observación; ou a modernización, adaptación e desenvolvemento de bases de datos a novas fontes de información para dar resposta ás esixencias das ORP e doutras organizacións.

Polo tanto, o obxecto do acordo considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa do FEMPA 2021-2027 de España.

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custes segundo o previsto no artigo 64 do Regulamento (UE) 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.

Por último e de conformidade co disposto no artigo 41 do Regulamento (UE) N° 2021/1139, de 7 de xullo, polo que se establece o FEMPA, a porcentaxe do investimento elixible será do 100%.

Segundo. Que o Decreto 42/2024, de 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, crea a Consellería do Mar, sendo a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro un dos seus órganos de dirección de conformidade co establecido no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Que o servizo de Planificación, como órgano de apoio da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten atribuídas as competencias específicas recollidas no artigo 12.2.4.2 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, entre as que se menciona a xestión de actuacións en materia de estudo, avaliación ou seguimento dos recursos mariños naturais e da actividade pesqueira, marisqueira e da acuicultura.

Terceiro. O artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de setembro, e do posterior Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, recolle que a AMTEGA ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e uso.

Así mesmo, de acordo do artigo 5 do mencionado decreto 252/2011, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da AMTEGA a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, no seu nome, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Cuarto. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público, establece no seu artigo 14 que a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Desde a efectividade da integración na AMTEGA dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicacións da Consellería do Mar, a contratación en materia de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións corresponde, con carácter exclusivo, á mesma.

Non obstante, en atención a súa tipoloxía, os expedientes financiados con fondos FEMPA continuarán sendo xestionados pola Consellería do Mar ata que pola AMTEGA se cumpran todos os requisitos legalmente establecidos para asumir a xestión antedita.

Tendo isto en conta, e de cara a conciliar esta excepción coa competencia exclusiva da AMTEGA para a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, cómpre levar á cabo este acordo de colaboración para desenvolver un sistema de información global para o procedemento de rexistro da información recollida polo persoal técnico das confrarías de pescadores e polos Técnico/as facultativos de Recursos Mariños; desenvolvemento que debe ser dirixido e coordinado pola AMTEGA.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”. Seguindo o modelo de sustentabilidade para dixitalización dos servizos públicos, a Consellería do Mar, e a AMTEGA manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade acordan a sinatura do presente acordo con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre a Consellería do MAR e a AMTEGA para a definición e o desenvolvemento dun sistema de información que de soporte á xestión dos descritores do bo estado do medio mariño (DMEM) e á información de indicadores de saúde das poboacións explotadas.

Segunda. Financiamento

O importe da achega da Consellería do Mar para a execución do proxecto mencionado na cláusula primeira ascenderá a un máximo de CENTO OITENTA E CINCO MIL EUROS (185.000,00 €) con IVE, para as anualidades 2025 e 2026.

Estes importes serán obxecto de retención de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias e proxectos do seu orzamento:

- Importe total: 185.000,00 € (70% FEMPA e 30% fondos propios da C.A.)
- Aplicación orzamentaria: 16.03.723A.640.01
- Código proxecto: 2024 0141
- Anualidades: 2025 e 2026

Aplicación orzamentaria e proxecto	2025	2026	TOTAL
16.03.723A.640.01. - 2024 0141	75.000,00 €	110.000,00 €	185.000,00 €

Terceira. Actuacións a desenvolver

No marco do obxecto descrito na cláusula primeira, a AMTEGA desenvolverá unha solución que dará cobertura para:

- ✓ A xestión dos descritores do bo estado do medio mariño (DMEM), tamén coñecidos como anexos FEMP
- ✓ Os indicadores de saúde das poboacións explotadas independentemente das capturas, actualmente xestionados nunhas follas de cálculo referenciadas como AT0 e que xestiona información de avaliación de stocks de recursos marisqueiros
- ✓ Os indicadores de saúde das poboacións de especies marisqueiras explotadas dependentes das capturas, xestionados a través das follas de cálculo referenciadas como AT2 e que rexistran a información das capturas co nivel de detalle de interese

Esta solución contará cos seguintes módulos principais:

- ✓ **Módulo de avaliación de stocks.** Desenvolveranse dous tipos de avaliación en relación coa xestión de stocks: documentación de mostraxes e estrutura de tamaños, incluíndo a explotación da información e presentación de forma tabular e gráfica.

A información cargarase mediante modelos cun formato especificado deseñados a tal efecto, permitindo a carga desde o sistema "ARouSA" empregado polo CIMA; incluíndo en todo caso funcionalidades que permitan a xestión da información almacenada sobre o propio sistema para facilitar a xestión de incidentes identificados na información cargada.

- ✓ **Módulo de información de capturas.** A información obtense dende distintas fontes: Puntos de control, información da lonxa; considerando a obtención de datos de extracción e venda desde PescadeGalicia e Lonxas Galegas 4.0. Desenvolverase un resumo de datos estruturados que é a entrada da captura da información. Inclúe a xestión do control de tamaños, con información obtida a partir do sistema "ARouSA", empregado no CIMA. A partir dos datos xestionados un sistema de explotación da información facilitará a visualización sinxela a evolución dos indicadores de interese, dando tamén cobertura ás necesidades de información dos biólogos na xestión da súa actividade en relación a este aspecto.

A partir da información capturada (plan de xestión de recursos marisqueiros a analizar e exercicio de referencia asociado, especie e banco de captura asociado), establécense distintas explotacións de interese, cada unha delas enfocada en clarificar a situación e tendencia dun tipo de indicadores particularizado. É dicir, a información xestionada vai poderse explotar de forma particularizada por parte dos usuarios do sistema de información

- ✓ **Módulo de indicadores DMEM.** A partir dos 45 anexos asociados a indicadores DMEM, o sistema debe dar cobertura á recollida e organización da información dos anexos, ofrecendo ademais a posibilidade de filtrar e exportar os datos de interese en cada caso. Non se prevé nesta fase do proxecto dispoñer dun sistema SIX para presentala información de xeito gráfico, se ben xerará o formato necesario para a representación nos sistemas SIX que se determinen, como o caso do sistema de información xeográfica do medio mariño SIGREMAR

Nos dous primeiros módulos o sistema debe recoller o ficheiro no formato especificado e procesar o mesmo para a súa carga, identificando os potenciais erros existentes ao encher os datos en base ás regras definidas, para facilitar así a homoxeneización e calidade da información xestionada.

O novo sistema tomará como ficheiros de referencia de base: plans de xestión marisqueira, bancos marisqueiros, especies, confrarías de pescadores e asociación sectoriais. Ademais, de forma xeneralizada nos distintos módulos do sistema, a entrada de datos débese realizar de forma normalizada e homoxénea e mediante a importación de arquivos axustados aos actuais fondos FEMP, para facilitar o control de validez dos datos recibidos así como a explotación da información xestionada.

Cuarta. Compromisos das partes

Ao abeiro deste acordo, pola AMTEGA desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A tramitación administrativa e adxudicación do contrato ou contratos que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido. Para iso, a AMTEGA, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. A AMTEGA actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste acordo e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle reconece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coa Consellería do Mar
- O seguimento e a dirección das actuacións obxecto do acordo e contratos derivados do mesmo
- O cumprimento das medidas de información e publicidade establecidas na cláusula sétima do presente acordo
- O expediente de contratación tramitarse consonte aos pasos e documentos establecidos no Manual Xeral de Procedemento para a Xestión, Seguimento e Control das Operacións Financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Programa Operativo 2021 - 2027), para o que se contará coas indicacións a seguir e apoio necesario por parte das unidades da Consellería de Mar responsables do seguimento e coordinación dos proxectos con financiamento FEMPA

Pola Consellería do Mar desenvolveranse os seguintes compromisos:

- A definición detallada dos requisitos e funcionalidades que o novo sistema de información debe implantar
- A tramitación económica e o financiamento dos expedientes de contratación derivados do presente acordo
- O abono ao contratista ou contratistas polos servizos prestados, nos termos establecidos no contrato e segundo o prezo de adxudicación, unha vez recibidos de conformidade e certificados pola AMTEGA

A AMTEGA e a Consellería do Mar, desenvolverán de xeito conxunto os seguintes compromisos:

- Elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas
- Participación no órgano de contratación, que estará asistido, se fose necesario, por unha Mesa de Contratación constituída por persoal da AMTEGA, e un representante designado pola Consellería do Mar. Tamén poderá participar persoal de ambas partes na emisión dos informes técnicos

Asemade desenvolverase calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a Consellería do Mar e a Amtega, sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima da Consellería recollido na cláusula segunda.

No caso de actuacións que supuxeran un engadido temporal ou financeiro sobre o marco establecido no presente acordo, poderán subscribirse as addendas que ambas partes acorden.

A titularidade dos sistemas e calquera resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da Amtega, conforme ás súas competencias.

Quinta. Medidas de publicidade do FEMPA

A AMTEGA cumprirá, naqueles proxectos con financiamento FEMPA, coas medidas de información, comunicación e publicidade establecidas no artigo 60 do Regulamento 2021/1139, de 7 de xullo, e demais disposicións que se establezan ao efecto.

Sexta. Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite, o 30 de novembro de 2026; sen menoscabo das posibles addendas ou prórrogas que as partes podan establecer e formalizar antes da finalización da vixencia inicial deste acordo.

Sétima. Publicidade do acordo

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do acordo de colaboración o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Procederase a súa inscrición no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Oitava. Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e pola demais normativa de aplicación.

As discrepancias que se poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo no lugar e data sinalados.

Pola Consellería do Mar

O conselleiro do Mar

Alfonso Villares Bermúdez

Pola AMTEGA

O director da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

Julián Cerviño Iglesia